

ROJO

Benjamín Naishtat, 2019

570

ESTREA EN NUMAX: 02.08.2019 | V.O. | +12

Rojo (2018, 109')

Dirección: Benjamín Naishtat

Guión: Benjamín Naishtat

Elenco: Darío Grandinetti, Andrea Frigerio, Alfredo Castro, Diego Cremonesi, Claudio Martínez Bel, Mara Bestelli, Rudy Chericoff, Rafael Federman, Laura Grandinetti, Abel Ledesma

Son: Simon Apostolou, Martin Delzescaux, Pedro Sá Earp, Florencia González Rogani, Fernando Ribero

Dirección de arte: Julieta Dolinsky

Vestuario: Nora Lia Alaluf

Montaxe: Andrés Quaranta

Música: Vincent van Warmerdam

Fotografía: Pedro Sotero

Produtora: Ecce Films, Bord Cadre Films, Desvia Produções, Pucara Cine, Sutor Kolonko, Instituto Nacional de Cine y Artes Audiovisuales (Arxentina-Francia-Brasil)

Distribuidora: A Contracorriente Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Español

FILMOGRAFÍA

El movimiento, 2015

Historia del miedo, 2014

Colecciones, 2013 [curtametraxe]

Historia del mal, 2011 [curtametraxe]

El juego, 2010 [curtametraxe]

Historias breves 5, 2009 [curtametraxe]

Estamos bien, 2008 [curtametraxe]

SINOPSE

A mediados dos anos 70, Arxentina sufría unha das súas peores épocas. A violencia era cotiá, agás no pequeno pobo de Darío. Un día, un home extraño entra nun restaurante e, sen motivo aparente, comeza a agredir a un coñecido avogado, sumindo o pobo nunha espiral de morte, segredos e silencio.

«Naishtat deslumbra cun thriller atmosférico e envelenado sobre a Arxentina dos 70, tan desacoucante como brillante.»

Nick De Semlyen, EMPIRE



“Apoieime na miña admiración por autores con Coppola, Lumet ou Boorman”

Entrevista con Benjamín Naishtat

Como xorde a idea de Rojo? Buscaches continuar certa liña de traballo iniciada en Historia de miedo (2014) e El movimiento (2015), os teus dous anteriores filmes? Sempre hai algún tipo de continuidade. Neste caso máis con intereses históricos, pero tamén formais. O meu primeiro filme incluía elementos do cinema de terror para tratar da paranoia de clase na Arxentina. O segundo tamén estaba ancorado á historia do país, coa idea de revisar o pasado para tratar de dicir algo sobre certas tensións actuais. *Rojo* é un proxecto que viña dando voltas na miña testa desde hai moito tempo e ten a ver cunha fixación miña cos anos 70. Calquera que nacera nos 80 leva consigo o peso dunha caste de carga simbólica. No meu caso, ademais, hai unha historia familiar que me precede e que está moi presente, de persecución e exilio.

Cal foi a motivación principal durante o proceso creativo? O punto de partida foi o desafío de facer non só un filme sobre os anos 70, senón tamén unha película que reflectise o estilo cinematográfico dese tempo. Apoieime na miña admiración por certas obras norteamericanas dos 70. Estou pensando

en autores como Francis Ford Coppola, Sidney Lumet ou John Boorman, que lograban facer xénero e á vez tocar temas politicamente moi sensíbeis. Tentei facer un policial sobre un avogado que fai desaparecer outro home co que se cruza accidentalmente unha noite. Pero alén do xénero policial, o filme narra unha situación social de silencio e complicidade nun país que estaba a avanzar cara aos seus momentos máis escuros na Historia.

Como foi o proceso de pesquisa para mergullarte nos anos 70 e recrear cinematograficamente esa época? Foi apaixonante, combinou aproximacións historiográficas, cinéfilas, familiares. Houbo tamén unha grande achega por parte do equipo, desde o director de foto, Pedro Sotero, a directora de arte Julieta Dolinsky, cadaquén fixo a súa propia investigación. Facer un filme de época é moi difícil por todo o que implica a nivel de produción e financiamento e, porén, é marabilloso entrar nun set e poder ver reproducida outra época. É o máis próximo que un pode vivir a unha viaxe no tempo.

Ademais dun percorrido por algúns momentos clave da historia arxentina, nos teus filmes existe unha investigación sobre a miseria humana. Por que motivos? A min cústame moito escribir personaxes moi virtuosos. Un sabe que os hai, pero a min parécenme moito máis magnéticas para as dramaturxias dun filme, as contradicións e as miserias humanas. Por algún motivo o espectador empatiza

forte con iso, porque todo o mundo ten un nivel miserábel, ninguén pode fuxir a iso. E nese recoñecemento tamén hai unha experiencia forte. E o avogado interpretado por Darío Grandinetti encarna un pouco iso. Non é propiamente un vilán, pero é un tipo que se pode sacar vantaxe dalgunha cousa sácaa, e se pode calar tamén cala. O seu personaxe vaixe convertindo aos poucos. De ter algunha vacilación e sentir culpa ao inicio, finalmente reláxase e acepta a súa miseria. No mesmo momento no que Arxentina asume que se dirixe cara a unha ditadura militar e que vai ocorrer un xenocidio, el asume o seu perfil máis miserábel con total cinismo. Pode elixir máis dunha vez entre facer as cousas ben ou seguir o seu proveito persoal e opta sempre polo segundo.

Publicado en image.net
Tradución: Xan Gómez Viñas

O director

Benjamín Naishtat (Buenos Aires, 1986) gradúase na Universidade del Cine de Buenos Aires e continúa a súa formación en Fresnoy-Studio National des Arts Contemporains en Lille, Francia. Debuta coas curtas *Historia del mal* (2011), proxeccionada en Rotterdam, e *El juego* (2010), a competición en Cinéfondation de Cannes. Nas súas primeiras longametraxes explora camiños converxentes entre o cinema de xénero -thriller, terror- e a crónica política. Así xorden *Historia del miedo* (2014), proxeccionada na Berlinale e en Donostia, e *El movimiento* (2015), seleccionada en Locarno-Cineasti del presente e galardoada ao mellor filme arxentino en Mar del Plata.

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



**AMALIA XA TEN
O SEU ABONO
REDUCIDO**

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenamax